

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 7 DE NOVEMBRO DE 2019,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: “Fomento da mobilidade sustentable. Senda na PO-551. Treito: Trasouto – Alto da Portela – CG-4.1. Puntos quilométricos 12+720 - 14+440.”, de clave: PO/16/267.06, no concello de Bueu (Pontevedra).
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello da Merca, no seu estado actual, do resto da estrada OU-540, situado na marxe dereita entre o punto quilométrico 12+700 e o punto quilométrico 12+800.

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se crea e regula a Comisión Galega das Enfermidades Raras.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do Plan de ordenación do medio físico (POMF) da parroquia de San Fiz de Asma, no concello de Chantada.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se aproba a Estratexia Integral de optimización loxística de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Asociación Clúster da Función Loxística de Galicia e o Instituto Galego de Promoción Económica para a execución de actividades da Estratexia integral de optimización loxística de Galicia, por un importe total de catrocentos corenta e un mil euros (441.000 €).

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**



- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromiso de gasto de carácter plurianual e o establecemento de pagamentos á conta en porcentaxe superior á prevista no artigo 62.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación coa Resolución pola que se regulan as bases para a concesión de quince bolsas de formación práctica en diversas áreas da Axencia Turismo de Galicia durante os anos 2020 e 2021 e se procede á súa convocatoria, por importe de oitenta e un mil trinta e catro euros con corenta e oito céntimos (81.034,48 €).
- Acordo polo que se autoriza o establecemento de pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63.1. dous do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación coa Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a xeodestinos de Galicia, para o desenvolvemento de actuacións de dinamización turística, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020.

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), para a realización de programas de atención e protección da saúde, por un importe de tres millóns novecientos setenta e nove mil setecentos noventa e nove euros con noventa e dous céntimos (3.979.799,92 €).

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para a modificación das porcentaxes dos pagamentos anticipados autorizados para o exercicio 2020 na Orde do 13 de xuño de 2017 pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas niño, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2017, 2018, 2019 e 2020.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para a modificación das porcentaxes dos pagamentos anticipados autorizados para os exercicios 2020 e 2021 na Orde do 17 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas niño, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria para os anos 2018, 2019, 2020 e 2021.

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a liña de préstamos directos para financiar a operativa da industria auxiliar naval.

### CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre o programa Elixé Galicia.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS NECESARIAS PARA EXECUTAR A SENDA PEONIL ENTRE TRASOUTO E O ALTO DA PORTELA, EN BUEU, CUN INVESTIMENTO DUNS 643.000 EUROS**

- *O decreto de utilidade pública comprende as expropiacións das 7 leiras necesarias para a execución deste itinerario peonil seguro na estrada PO-551*
- *A senda desenvolverase na marxe esquerda desta estrada autonómica, entre os puntos quilométricos 12+720-14+440*
- *De modo complementario, conformarase unha parada de autobús e ampliarase o firme no contorno do punto quilométrico 14+150, na marxe esquerda*
- *Esta actuación enmárcase no Plan de sendas da comarca do Morrazo, que inclúe 8 itinerarios seguros, sustentables e integrados na paisaxe, cun orzamento que ascende a case 5 millóns de euros*
- *O Goberno galego continúa avanzando no reforzo da seguridade na estrada PO-551, pois a esta senda cómpre sumarlle a mellora proxectada na vía ao seu paso por Bueu e Marín, cun orzamento de 1,2 millóns de euros*
- *A Xunta tamén comezaba o mes pasado a instalación de semáforos nesta mesma estrada, en Loureiro, para regular o paso de peóns*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se publica e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da senda peonil entre Trasouto e o Alto da Portela, no concello de Bueu.

O decreto de utilidade pública comprende as expropiacións das 7 leiras necesarias para a execución deste itinerario peonil seguro e accesible na estrada PO-551, que conta cun orzamento duns 643.000 euros.

Trátase da construción dunha senda na marxe esquerda da estrada PO-551, entre os puntos quilométricos 12+720-14+440, que con respecto ao proxecto inicial amplía en 115 metros a súa lonxitude para conectar coas beirarrúas existentes e conformar un itinerario peonil seguro de maior lonxitude.

Executarase unha senda de formigón coloreado en paralelo á estrada, respectando a actual beiravía, cunha sección mínima de 1,8 metros.

Puntualmente e en función do espazo, a senda implantarase na beiravía existente, cun largo mínimo de 1,50 metros. Nestes casos disporanse separadores para identificar correctamente a separación entre senda e calzada.

De xeito complementario, conformarase unha parada de autobús e ampliarase o firme no contorno do punto quilométrico 14+150, na marxe esquerda. Nesta parada tamén se renovará a marquesiña.

Esta actuación está enmarcada no Plan de sendas na comarca do Morrazo, que comprende case de 9,2 km de sendas cun orzamento que supera os 5 millóns de euros.

Así, ademais desta senda entre Trasouto e o Alto da Portela, a Xunta está a finalizar a execución doutra na PO-551, entre Vilaseca e Lapamán, no concello de Marín.

Na estrada PO-313 xa se aprobaron as expropiacións da senda entre Coirados e Pardavila, que se continuará ata Cadro mediante outro proxecto, sometido a información pública no pasado mes de xuño.

Tamén se prevé outro itinerario para peóns na PO-551, no treito entre Meira e a entrada a Domaio, no Concello de Moaña, para o cal o proxecto está en avanzada fase de redacción. Ademais, nesta vía está previsto executar sendas no concello de Marín, entre Baguín e Seixo, cuxas expropiacións foron aprobadas recentemente no Consello da Xunta, e no Concello de Cangas, na entrada á Magdalena.

### **Reforzo da seguridade viaria**

O Goberno galego continúa avanzando no reforzo da seguridade viaria nesta estrada PO-551, pois cómpre lembrar que se autorizaron recentemente as expropiacións para eliminar os tramos de concentración de accidentes nesta vía, ao seu paso por Bueu e Marín, cun orzamento de máis de 1,2 millóns de euros.

As actuacións previstas consisten na mellora de interseccións, destacando a construción de dúas rotondas no acceso á praia de Lapamán e na intersección coa estrada provincial EP-1304, e a mellora da intersección de acceso á praia de Agrelo, no punto quilométrico 8+950.

Ademais, a Xunta comezaba o mes pasado os traballos de semaforización dun paso de peóns nesta mesma estrada, en Loureiro.


Trátase da instalación de dous grupos semaforicos, un a cada lado da calzada, para regular o paso de peóns.

Como obras complementarias e co obxectivo de mellorar a visibilidade dos peóns á hora de cruzar, tamén se amplían as beirarrúas en ambos lados do paso de peóns, realizando o correspondente rebaixe para paso peonil accesible.

A continuación amósase plano das actuacións do Plan de Sendas do Morrazo:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta



## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DA MERCA DUN TREITO ANTIGO DA ESTRADA OU-540**

- ***A Consellería de Infraestruturas levou a cabo unha actuación de acondicionamento neste tramo de 244 metros cun investimento autonómico de 48.000 euros***
- ***O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades locais***
- ***O cambio de titularidade formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega no prazo de dous meses seguintes á publicación no DOG do decreto aprobado hoxe***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello da Merca, do resto da estrada OU-540, situado na marxe dereita entre o punto quilométrico 12+700 e o 12+800.

O Concello ourensán manifestou o seu interese polo cambio de titularidade deste treito antigo de 244 metros de lonxitude, no cal a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade levou a cabo esta primavera unha actuación de acondicionamento, cun investimento autonómico de 48.000 euros.

Os traballos executados polo departamento de Infraestruturas da Xunta consistiron na extensión dunha nova capa de rodadura no treito, así como na execución dunha obra de drenaxe que incluíu a instalación de tubaxe e dunha cuneta de seguridade.


Tamén se realizou un revestimento en formigón da cuneta de seguridade co fin de garantir a canalización das augas pluviais e colocouse un tramo de 4 metros de tubaxe para salvar o paso dunha entrada.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades locais, e a transferencia a prol do Concello da Merca tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Co cambio de titularidade, o Concello será o responsable das tarefas de conservación e mantemento e poderá actuar sobre esta zona de modo acorde coas súas características, sen seren xa de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas.

A transferencia formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega no prazo de dous meses seguintes á publicación no *Diario Oficial de Galicia* do decreto aprobado hoxe polo executivo autonómico.

Plano de situación do treito antigo que se transfíre:



Treito obxecto do cambio de titularidade, e actuación realizada pola AXI





## **SANIDADE CREA E REGULA A COMISIÓN GALEGA DAS ENFERMIDADES RARAS CO OBXECTO DE ASESORAR E COORDINAR A ATENCIÓN A ESTAS PATOLOXÍAS**

- ***Coa posta en marcha da Comisión Galega, xunto co Rexistro Galego de Enfermidades Raras, que comezou a funcionar en xaneiro, e a elaboración do Plan galego de atención a estas patoloxías, que será presentado no primeiro trimestre do vindeiro ano, Sanidade está a dar resposta ás necesidades duns 200.000 afectados***
- ***Cómpre remarcar que, dende xaneiro deste ano, data en que se publicou o decreto polo que se crea o Rexistro Galego de Enfermidades Raras, rexistráronse máis de 1.600 pacientes***

O Consello da Xunta vén de aprobar o decreto polo que se crea e regula a Comisión Galega de Enfermidades Raras, coa finalidade de participar no desenvolvemento e seguimento do Rexistro Galego de Enfermidades Raras, creado en xaneiro deste ano. Tamén posibilitará asesorar e coordinar no ámbito asistencial a atención a estas patoloxías, así como a formación e a información aos profesionais, aos pacientes e ás familias, ademais de promover a investigación. A Comisión galega estará formada por profesionais do ámbito sanitario e social (persoal médico, farmacéutico, de enfermería, un experto en xenética, un traballador social e un representante das asociacións de pacientes).

Coa posta en marcha do Rexistro e a creación da Comisión Galega, xunto coa elaboración do Plan galego de atención ás enfermidades raras, que será presentado no primeiro trimestre do vindeiro ano, a Consellería de Sanidade está a dar resposta ás necesidades dun colectivo moi importante de pacientes que, na nosa comunidade, supoñen uns 200.000 afectados.

Cómpre remarcar que, dende xaneiro deste ano, data en que se publicou o decreto polo que se crea o Rexistro Galego de Enfermidades Raras, se rexistraron máis de 1.600 pacientes afectados.

Coa elaboración do Plan galego de acción das enfermidades raras, que se está a rematar, o Sergas vai establecer uns criterios homoxéneos para optimizar e orientar a xestión destas patoloxías por medio dun modelo asistencial que diminúa os tempos de espera no seu diagnóstico, asegurando unha atención de calidade e ofrecendo unha xestión máis eficiente e coordinada a pacientes e familiares.

No conxunto de todas estas medidas de actuación do Sergas, o departamento que dirixe Jesús Vázquez Almuiña xa está a dar solución a unha das grandes necesidades destes pacientes, a rehabilitación, e concretamente a fisioterapia respiratoria. Así, comezouse pola formación de fisioterapeutas no campo específico da fibrose quística para poder estendela, posteriormente, a todas aquelas patoloxías que o precisen, entre as cales destacan as enfermidades neuromusculares.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A REDACCIÓN DO PLAN DE ORDENACIÓN DO MEDIO FÍSICO DA PARROQUIA DE SAN FIZ DE ASMA, EN CHANTADA**

- ***Trátase dun dos proxectos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda recollidos no Plan de acción estratéxico para a Ribeira Sacra, co fin de impulsar a candidatura da declaración de reserva da biosfera***
- ***Este plan conterá as características diferenciais do ámbito, e destacando os seus valores naturais e potencialidades como soporte de actividades de carácter agropecuario, forestal, ecolóxico, recreativo, cultural ou científico***
- ***A finalidade deste documento é establecer unha ordenación integrada deste ámbito tendo en conta as súas especiais características naturais, ecolóxicas e paisaxísticas, que compatibilice a súa protección coa máis racional explotación dos recursos***

O Consello da Xunta acordou, na súa reunión desta mañá, iniciar a redacción do Plan de ordenación do medio físico da parroquia de San Fiz de Asma, no concello de Chantada. Trátase dun dos dez proxectos que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda recolle no Plan de acción estratéxico para a Ribeira Sacra, co que se pretende promover o máximo coidado e respecto por unha zona de alto valor ambiental e cultural.

O POMF de San Fiz de Asma ten por obxecto establecer a ordenación integrada deste ámbito en razón das súas especiais características naturais, ecolóxicas e paisaxísticas, que compatibilice a súa protección coa máis racional explotación dos recursos.

A identidade diferenciada de paisaxe céntrase nun gran contraste marcado pola profunda fenda que supoñen os cursos fluviais no territorio, así como a forte pendente dos seus vales, que presentan grandes inclinacións e mesmo paredes verticais, e ladeiras que rematan contra zonas chairas con pendentes inferiores ao 16°.

As súas elevadas pendentes permiten unhas vantaxosas condicións de exposición a unha máis eficaz orientación ao sol e a dispoñibilidade natural para crear un solo artificial, coa modificación da súa superficie natural, distribuída en socalcos que empregan a mesma pedra en pequenas terrazas horizontais, o que crea o substrato ideal para desenvolver unha agricultura de vides e oliveiras tamén favorables ás condicións climáticas.

Os asentamentos e vivendas tamén usan os mesmos recursos, xa que elixen nun terreo accidentado aqueles lugares máis propicios, sexa próximos ao fondo do val ou nas ladeiras en función da posibilidade das pendentes e da orientación.

Así, o plan de ordenación do medio físico conterá as determinacións relativas ás características diferenciais do ámbito, e destacará os seus valores naturais e

potencialidades como soporte de actividades de carácter agropecuario, forestal, ecolóxico, recreativo, cultural ou científico.

Tamén se realizará unha diagnose dos problemas suscitados polos usos existentes, medidas e normas de protección e das actuacións públicas ou privadas necesarias para a preservación, restauración ou mellora das diferentes zonas; así como a normativa reguladora das actividades produtivas ou recreativas e información sobre a parcelación e as construcións vinculadas á explotación, desfrute e estudo dos recursos naturais.

Por último, tamén se elaborará un estudo económico en que se analice a coherencia entre as normas e actuacións propostas e a dispoñibilidade dos recursos hidráulicos e enerxéticos, así como os seus efectos sobre o sistema produtivo, agrícola, gandeiro, forestal e extractivo.

### **Plan especial da Ribeira Sacra**

A Xunta está a impulsar un proxecto ambicioso, como é o Plan estratéxico da Ribeira Sacra, unha zona de indubidable valor paisaxístico e natural na que a Consellería investirá 3,5 millóns cun paquete de 10 actuacións nas que se implicarán todos os seus departamentos e que están consignados nos orzamentos do ano 2020.

A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo impulsa, ademais do Plan de ordenación do medio físico de San Fiz de Asma, a definición dun plan territorial integrado cun orzamento total de 500.000 euros e un plan Hurbe específico para a Ribeira Sacra, dotado con 1,3 millóns de euros.

Tamén se prevé asinar o segundo Pacto pola paisaxe de Galicia para protexer e ordenar o aproveitamento deste espazo, así como a creación da ARI da Ribeira Sacra, a terceira xestionada polo IGVS xunto á dos Camiños e á das Illas Atlánticas.

## **GALICIA IMPULSA A TRANSFORMACIÓN DO SECTOR LOXÍSTICO COA POSTA EN MARCHA DA ESTRATEXIA CON QUE SE MOBILIZARÁN MÁIS DE 20 M€ ATA 2022**

- ***A iniciativa, enmarcada na Axenda 4.0, ten como obxectivo impulsar as empresas galegas de distribución e subministración e un sector que representa o 4% do PIB galego e preto de 50.000 empregos***
- ***O novo plan activado pola Xunta inclúe a posta en marcha de catro centros de apoio ao transporte por estrada, dos cales se beneficiarán 5000 empresas ata 2022***
- ***Tamén se impulsará un proxecto para a simplificación dos trámites aduaneiros e unha plataforma dixital de co-carga a través da cal as compañías recibirán as mellores ofertas para contratar servizos loxísticos***
- ***Crearase unha aceleradora sectorial e activarase un portal de información en liña***
- ***Inclúe un convenio co novo Clúster da Función Loxística, que nace da cooperación entre axentes e empresas e ten previsto agrupar 50 compañías***
- ***Esta entidade contou para a súa constitución con empresas como Kaleido, Gadisa, Finsa, Hijos de Rivera, e Delta Vigo, ademais da Autoridade Portuaria de Vilagarcía***

A Xunta destinará 11 millóns de euros ata 2022 ao desenvolvemento da Estratexia galega de optimización loxística, co obxectivo de impulsar a competitividade das empresas do sector da organización, abastecemento e transporte de mercadorías. O Goberno galego segue a afondar así na folla de ruta marcada pola Axenda Industria 4.0, con este plan integrado que busca facer de Galicia unha plataforma loxística atractiva e co cal se mobilizarán máis de 20 millóns de euros en investimentos. Nesta estratexia inclúense todos os actores do tecido industrial e do transporte para dar dunha resposta coordinada dos sistemas loxísticos que permita impulsar a competitividade territorial e industrial.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria presentou hoxe no Consello da Xunta a nova estratexia, que inclúe entre as medidas que activará a posta en marcha de catro centros de apoio ao transporte por estrada, un en cada provincia, que prestarán servizos 24 horas co obxectivo de beneficiar 5000 empresas ata 2022; un proxecto piloto de creación dunha xanela única para a realización dos trámites aduaneiros nos portos galegos, e unha plataforma dixital de co-carga que se porá en marcha en 2020, a través da cal as empresas poderán comunicar de xeito sinxelo as súas necesidades de transporte e recibir inmediatamente as mellores ofertas. Deste xeito, facilítase ás compañías axilizar os prazos de contratación de servizos loxísticos.

Ademais, o plan, que desenvolverá o Igape, inclúe a creación dunha aceleradora vertical de proxectos emprendedores innovadores no eido da loxística; e a creación dun portal de información en liña.

Nese sentido, esta folla de ruta incorpora un convenio de colaboración co Clúster da Función Loxística, creado recentemente co obxectivo de apostar pola optimización na organización da provisión e o transporte de mercadorías, e que prevé integrar 50 empresas. Na constitución da nova agrupación empresarial, que contou co impulso da Consellería de Economía, Emprego e Industria, participaron axentes e empresas relevantes do sector,

como Kaleido, Gadisa, Finsa, Hijos de Rivera, e Delta Vigo, ademais da Autoridade Portuaria de Vilagarcía; un clúster a que xa se sumaron recentemente outras compañías como Pérez Torres Marítima, Jevaso e Reboredo Hermanos.

O plan aprobado hoxe enmárcase na Axenda Industria 4.0, coa cal o Goberno galego busca avanzar na transformación dixital promovendo a mobilización de 900 millóns de euros entre 2019 e 2022, e complementa outras iniciativas como a posta en marcha dos centros de fabricación avanzada, para validar recursos de tecnoloxías dixitais feitas en Galicia en sectores produtivos concretos, e o programa de desenvolvemento de provedores de maquinaria industrial.

Ademais, o comezo da execución da Estratexia integral de optimización loxística complétase coa posta en marcha do proxecto *Co-logistics*, que ten como obxectivo fomentar a internacionalización e a presenza exterior das empresas de Galicia e o norte de Portugal nese ámbito. Liderada pola Confederación de Empresarios de Pontevedra, a iniciativa conta cun orzamento total de máis de 2,2 millóns de euros.

### **O sector galego da loxística**

A Estratexia Integral de Optimización da Función Loxística potencia a transformación coordinada dun sector clave para a economía galega, que representa o 4% do PIB, emprega preto de 50.000 persoas e no que operan preto de 12.000 empresas, segundo os últimos datos elaborados polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

O sector é, adicionalmente, un vector de competitividade territorial e empresarial de primeira orde, vital para o bo funcionamento das cadeas de subministración e para posicionar os produtos primarios e industriais nos mercados exteriores. A loxística ten un valor crecente na mellora da competitividade empresarial e territorial.

A provisión e o transporte de mercadorías en Galicia debe anticiparse e adaptarse ás novas tendencias globais que afronta na actualidade, activadas polo proceso de globalización e internacionalización da economía, así como pola irrupción das tecnoloxías emerxentes.

## **A XUNTA AMPLÍA A 15 AS BOLSAS FORMATIVAS NAS OFICINAS DE TURISMO E NA ÁREA DE ESTUDOS E INVESTIGACIÓN TURÍSTICA**

- ***O Consello deu visto bo hoxe ao texto que regula as bases para a formación práctica en diversas áreas da Axencia de Turismo de Galicia para 2020 e 2021***
- ***Na antesala do Xacobeo 2021, o Goberno galego duplicará a oferta de prácticas tuteladas nas oficinas que xestiona na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo***
- ***Tamén se ofertará por primeira vez unha praza na oficina do aeroporto de Santiago e se convocará unha nova bolsa para investigación e análise de datos***

A Consellería de Cultura e Turismo aumentará a oferta de formación práctica en atención e información turística durante 2020 convocando un total de 14 bolsas para traballar nas oficinas de turismo situadas en Galicia xestionadas pola Xunta e unha máis para desenvolver tarefas de investigación, tratamento e análise de datos turísticos na Área de Estudos e Investigación Turística.

En total serán 15 novas bolsas, o que supón seis máis que na anterior convocatoria. Este novo reparto suporá que na antesala do Xacobeo 2021 a Xunta duplique na próxima a formación práctica nas oficinas da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo e que ofrezca unha bolsa máis que ata o de agora na cidade de Santiago de Compostela.

Así se acordou hoxe no Consello da Xunta, onde se aprobou o texto que regula as bases para a convocatoria de 2020 e 2021. Cun orzamento superior a 81.000 euros, a oferta constará de catro bolsas para realizar prácticas tuteladas en Santiago de Compostela: unha na Oficina de Turismo situada na praza de Mazarelos, dúas na oficina do Centro Internacional de Acolida ao Peregrino, e, como novidade, ofrecerase tamén unha bolsa para a oficina de turismo do aeroporto de Santiago de Compostela.

Tamén haberá dúas bolsas para a oficina turística da Xunta na Coruña, dúas en Lugo, dúas para a de Ourense, dúas en Pontevedra e outras dúas en Vigo. En todos estes casos, terán unha duración máxima de cinco meses, cunha incorporación prevista en maio de 2020.

Xunto a estas bolsas, a convocatoria permitirá ofrecer outra na Área de Estudos e Investigación da Axencia Turismo de Galicia. Neste caso, a duración será dun ano, previsiblemente a partir de marzo de 2020 para realizar tarefas de investigación, tratamento e análise de datos turísticos na sede de Turismo de Galicia en Santiago de Compostela.

En todos os casos, as bolsas están dirixidas a profesionais titulados a partir do 1 de xaneiro de 2014, que, entre outros requisitos, deberán acreditar un coñecemento da lingua galega no nivel Celga 4 e, no casos das oficinas de Turismo, tamén o coñecemento da lingua inglesa. As solicitudes valoraranse con base nuns criterios obxectivos fixados nas bases.

A Xunta continúa así a traballar na calidade do destino galego dando resposta á positiva evolución da actividade turística que Galicia está a rexistrar nos últimos anos, garantindo a excelencia na atención e apostando polo perfeccionamento profesional no eido turístico.

## **A XUNTA ABRE UNHA NOVA ORDE DE SUBVENCÍONS DE MÁIS E 1M € PARA IMPULSAR O TURISMO NOS XEODESTINOS RURAIS GALEGOS**

- ***O Consello deu visto bo hoxe ao texto que regula as bases da nova convocatoria que permitirá seguir diversificando a oferta turística cara ao Xacobeo 2021***
- ***Os beneficiarios poderán acceder a ata 150.000 euros para crear ou consolidar produtos turísticos, afondar na formación do sector, mellorar a implantación das tecnoloxías, avanzar na súa internacionalización ou aumentar a súa promoción***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á nova orde de subvencións de máis de 1 millón de euros coa que o Goberno autonómico impulsará a actividade turística de xeito sustentable por todo o territorio galego, con especial incidencia no rural, coa vista no Xacobeo 21.

Esta nova convocatoria estará dirixida a mancomunidades, consorcios locais con competencias en materia de turismo, agrupacións de concellos, grupos de desenvolvemento rural (GdR) ou asociacións legalmente constituídas que teñan contratado persoal técnico en turismo dedicado ao seguimento e coordinación das actuacións obxecto desta orde. Dividirase en dúas categorías, unha cun crédito de 550.000 euros na que os beneficiarios serán as entidades locais, e outra para os grupos de desenvolvemento rural (GdR) así como outras asociacións onde haxa unha participación maioritaria dos concellos que integran o xeodestino, que contará cun crédito de 525.000 euros.

Os beneficiarios poderán acadar ata un máximo de 150.000 euros e un mínimo de 30.000 euros para a dinamización turística dos seus territorios a través de actuacións que afonden na planificación, creación e consolidación de produtos turísticos no xeodestino; a comercialización, promoción e difusión do produto turístico, formación dirixida ao sector turístico ou novas tecnoloxías aplicadas ao turismo. As accións deberán desenvolverse ao longo de 2020.

### **Impulso ao rural galego**

A convocatoria realizarase en réxime de concorrència competitiva. A Xunta poderá sufragar entre o 90% e o 50% do investimento subvencionable con base nuns criterios establecidos nas bases nos cales, entre outros aspectos, se valorará que os produtos que presenten incidan na desestacionalización, que leven a cabo unha oferta accesible, destinada a familias ou público senior ou que afonden na innovación.

Esta nova convocatoria de axudas dá continuidade ao apoio económico outorgado pola Xunta aos xeodestinos desde a súa creación en 2011. O Goberno autonómico avanza así no seu obxectivo de conseguir a diversificación da oferta e que a actividade turística sexa quen de dinamizar as economías locais, contribúa a poñer en valor os recursos naturais, culturais e etnográficos e se posicione como un instrumento eficaz de reequilibrio territorial, nomeadamente no rural galego.

## **SANIDADE DEDICA PRETO DE 4 MILLÓNS DE EUROS Á REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE ATENCIÓN E PROTECCIÓN DA SAÚDE**

- ***Este investimento enmárcase dentro da renovación do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia, a Consellería de Sanidade e a Federación Galega de Municipios e Provincias***
- ***Durante o ano 2018, foron atendidas un total de 7.614 persoas en 13 unidades asistenciais de drogodependencias no marco deste convenio***

O Consello da Xunta vén de autorizar esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para a realización de programas de atención e protección da saúde. Para este convenio, a Consellería de Sanidade destinará un importe total de 3.979.799,92 euros.

Este convenio está dirixido ao financiamento e desenvolvemento de programas de axudas para unidades asistenciais de drogodependencias (UAD), a través dos concellos que dispoñan destas unidades, atendendo a planificación, criterios, guías, programas e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde no circuíto de asistencia sanitaria aos trastornos adictivos en Galicia, publicado en 2011.

Esta planificación permite mellorar a atención aos galegos con trastornos adictivos; garantir un acceso equitativo á asistencia en toda a Comunidade; coordinar de xeito efectivo a atención prestada nos dispositivos de atención ás drogodependencias con servizos de atención primaria e de saúde mental; e establecer unhas directrices comúns para todos os centros galegos en materia de drogodependencias. Durante o pasado ano 2018, este convenio beneficiou un total de 7.614 persoas, atendidas en 13 UAD.

A través deste convenio, o Goberno galego garante o mantemento e a consolidación dos sistemas de axuda ao colectivo de persoas que padece trastornos adictivos, facilitando a accesibilidade e seguimento dos tratamentos a través de dispositivos municipais e comarcais. O convenio é unha renovación dos que se veñen asinando coa Fegamp dende o ano 2014, como entidade colaboradora e representante única de todos os concellos que dispoñen de servizos de atención sanitaria de trastornos adictivos.

### **Outras axudas no ámbito asistencial das drogodependencias**

Estas axudas engádense ás xa concedidas neste ano para o desenvolvemento dos programas de atención sanitaria e xurídico-social á poboación con trastornos adictivos por parte de entidades sen ánimo de lucro en Galicia. En concreto, o Sergas asinou convenios de colaboración con trece asociacións por un importe de 5.512.665 euros.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

As asociacións destinatarias das axudas realizarán a atención integral aos pacientes con trastornos adictivos derivados do uso das drogas, e ás súas familias, atendendo criterios, guías e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde.

## **A XUNTA DE GALICIA RESOLVE UNHA NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A CREACIÓN DOUTRAS 15 CASAS NIÑO NO RURAL**

- ***Catro concellos da provincia da Coruña contarán con este recurso (Cerdido, As Somozas, Toques e Vilasantar); outros catro da de Lugo (Baleira, Navia de Suarna, Ribas de Sil e Samos); seis en Ourense (Vilar de Barrio, Punxín, Rairiz de Veiga, Petín, Larouco e Montederramo) e outro en Pontevedra (Pazos de Borbén)***
- ***Introdúcese a obrigatoriedade de que todas as nenas e nenos matriculados cumpran o calendario de vacinación, que o criterio prioritario para a admisión sexa o empadramento no concello e un incremento no anticipo da axuda anual***

O Consello da Xunta de Galicia coñeceu hoxe os 15 concellos que contarán con casas niño ao abeiro da liña de axudas lanzada este ano 2019, a cuarta desde a implantación deste programa en 2016 e que permitiu poñer xa en funcionamento 60 recursos de conciliación deste tipo en municipios de menos de 5000 habitantes. Trátase de pequenas escolas infantís que atenden cada unha delas un máximo de cinco nenas e nenos de 0 a 3 anos e que son totalmente gratuítas para as familias.

En concreto, estas novas casas niño asentaranse en catro localidades da provincia da Coruña: Cerdido, As Somozas, Toques e Vilasantar; outras catro en municipios da provincia de Lugo: Baleira, Navia de Suarna, Ribas de Sil e Samos; seis en concellos pertencentes á provincia ourensá: Vilar de Barrio, Punxín, Rairiz de Veiga, Petín, Larouco e Montederramo; e unha na vila pontevedresa de Pazos de Borbén.

A Administración autonómica publicará nas vindeiras semanas unha convocatoria extraordinaria para estender as casas niño ao 100% dos concellos galegos que aínda non teñen ningunha opción para conciliar. O obxectivo é que todos os municipios teñan a posibilidade de ter unha casa niño ao remate desta lexislatura.

### **Obrigatoriedade da vacinación**

O Consello da Xunta tamén acordou estender ás casas niño que xa se encontran en servizo as novidades que se incluíron na convocatoria deste ano 2019. A primeira delas é a obrigatoriedade de que todas as nenas e nenos matriculados cumpran o calendario de vacinación infantil. A segunda novidade establece que o criterio prioritario para a admisión sexa o empadramento no concello e, despois, os criterios de renda, situación familiar, laboral e académica. E a terceira, un incremento no anticipo que cobran cada ano da axuda que lles corresponde, que pasa dun 35% a un 75% para dar á persoa promotora da casa niño máis liquidez e flexibilidade económica.

A ampliación da rede de Casas Niño e estas melloras introducidas nas que xa están a funcionar reafirman Galicia como referente a nivel nacional no que respecta ás axudas para os fogares con fillos.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Un feito que corrobora as máis de 25.000 prazas de 0 a 3 anos sostidas con fondos públicos; as liñas de financiamento abertas para a apertura de escolas infantís en polígonos industriais, confrarías e cooperativas agrarias; as axudas para pagar a escola infantil ás familias que non puideron acceder a unha praza pública a través do Bono Concilia ou as achegas directas do Bono Coidado para a contratación puntual dun coidador ou dunha ludoteca.

A esta batería de medidas hai que engadir a Tarxeta Benvida, ampliada ata os tres anos para as rendas máis baixas e na cal o ano que vén se introducirán novas melloras para as familias con tres ou máis fillos e as que viven no rural; e a gratuidade das escolas infantís para o segundo fillo e sucesivos a partir de 2020.

## **A XUNTA ACTIVARÁ UNHA NOVA LIÑA DE PRÉSTAMOS PARA APOIAR AS EMPRESAS AUXILIARES DO SECTOR NAVAL**

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria habilitará estes apoios para contribuír a mellorar a situación financeira de provedores de bens e servizos de estaleiros que atravesan dificultades***
- ***A nova iniciativa incorporárase ao programa de préstamos directos para o financiamento empresarial, que dispón no seu conxunto dun orzamento de 36 M€ ata 2021***
- ***Os apoios terán un importe mínimo de 50.000 euros e un máximo dun millón e contarán cun prazo de amortización de cinco anos***

A Xunta activará unha liña de préstamos destinada a facilitar o financiamento ás empresas da industria auxiliar naval que poidan estar sufrindo atrasos nos pagos debido ás dificultades que están atravesando determinados estaleiros galegos. Búscase así apoiar a actividade dunha industria que ten a segunda maior carteira de pedidos de Europa e que conforma un sector clave na economía galega.

Tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, a Consellería de Economía, Emprego e Industria vai aprobar esta nova liña dentro do programa de préstamos directos para o financiamento empresarial que ten activo o Igape e que dispón no seu conxunto dun orzamento total de 36 millóns de euros ata 2021. Esta programa apoia tamén investimentos estratéxicos, transportes por estrada que usan combustibles alternativos e infraestruturas de uso compartido e proxectos impulsados por centros tecnolóxicos e asociacións empresariais.

A través da nova iniciativa, a Xunta facilitará a concesión de préstamos comprendidos entre 50.000 e un millón de euros, que contarán cun prazo de cinco anos de amortización. Prevese que estes apoios melloren a situación financeira dos provedores de bens e servizos dos grandes estaleiros, nun sector que nos últimos anos está a realizar un importante esforzo por modernizarse e que está dotado dun capital humano altamente cualificado.

Tras a publicación proximamente no *Diario Oficial de Galicia (DOG)* das bases que regulan esta liña de apoios, abrirase o prazo para presentar solicitudes para a convocatoria de 2019, que non pechará ata o próximo 31 de decembro. A edición de 2020 abrirá o prazo en xaneiro e permanecerá activo ata finais do vindeiro ano.

A nova liña de préstamos do Igape para favorecer o acceso ao crédito das empresas auxiliares do navalponse en marcha despois das reunións mantidas tanto co Clúster do Naval Galego (Aclunaga) como coa Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia (Asime). Enmárcase no Plan de financiamento empresarial de Galicia para 2019, que conta cun orzamento de 100 millóns de euros, e que facilita financiamento a proxectos empresariais, coa previsión de mobilizar 290 millóns de euros a través de instrumentos financeiros.

## **A XUNTA IMPULSARÁ CASE 13.000 PRAZAS PARA QUE OS GALEGOS FAGAN TURISMO NA SÚA COMUNIDADE DURANTE TODO O ANO**

- ***O novo programa 'Elixé Galicia' favorecerá a desestacionalización da actividade turística na Comunidade e impulsará o coñecemento e orgullo de Galicia***
- ***Dirixido a menores de 30 anos, familias con fillos menores e maiores de 55 anos, o Goberno galego investirá 1,6M€ para financiar o 40% do custo das estadias***
- ***Terá catro modalidades: vacacións en zonas costeiras, rutas de patrimonio histórico e cultural, rutas de natureza e montaña e estadias en balnearios***
- ***A primeira fase comezará nos próximos días coa licitación do contrato para xestionar e comercializar 'Elixé Galicia' por parte de axencias de viaxes***
- ***A convocatoria para os usuarios abrirase no primeiro trimestre de 2020 e a saída inaugural terá lugar no mes de marzo, fóra da tempada alta***

A Xunta lanza *Elixé Galicia*, un programa de estadias turísticas e de lecer dirixido a menores de 30 anos, familias con fillos menores e persoas maiores de 55 anos que nace co obxectivo de favorecer a desestacionalización da actividade turística dentro da Comunidade e fomentar a creación de emprego no sector. O proxecto contará cun investimento total de 1,6 millóns de euros por parte do Goberno galego, que financiará o 40% do custo das viaxes. Os usuarios aboarán o 60%, polo que o valor estimado do contrato é de 4 millóns de euros.

En concreto, o programa para nos anos 2020 e 2021 permitirá financiar un mínimo de 12.800 prazas e constará de catro modalidades: vacacións en zonas costeiras, rutas de patrimonio histórico e cultural, rutas de natureza e estadias en balnearios. Todas as viaxes do programa realizaranse en provincias distintas ás de orixe co obxectivo de dar a coñecer as particularidades de cada zona do territorio galego a toda a cidadanía.

*Elixé Galicia* enmárcase na aposta da Xunta pola descentralización e a desestacionalización da oferta turística galega, dun xeito sustentable, a través da posta en valor de elementos como a paisaxe, a gastronomía, o patrimonio ou o termalismo. De feito, tanto os meses do verán como o período da Semana Santa quedarán fóra dos períodos ofertados co fin de favorecer a actividade en tempada media e baixa. Trátase de obxectivos clave no modelo turístico do Goberno autonómico, que aposta por crear emprego de calidade vinculado ao turismo durante os 12 meses do ano e en toda a xeografía galega, potenciando a importancia e o peso deste sector na economía da Comunidade. De feito, o turismo supón na actualidade o 10,4% do produto interior bruto de Galicia e o 11% dos postos de traballo.

Ademais de favorecer o turismo interior, este programa tamén repercutirá nos profesionais do sector a través das axencias de viaxes ou de todas aquelas empresas de servizos que se involucren na execución das modalidades do programa: hoteis e aloxamentos, restaurantes, empresas de autobuses, barcos, guías, empresas de turismo activo etc.

### **Asignación de prazas ofertadas**

A través deste proxecto, os usuarios aboarán, segundo a tempada e a modalidade que corresponda, o 60% do total da estadía, mentres que a Xunta achegará o outro 40%. O custo para o usuario, en base aos prezos máximos de licitación, oscila entre 117 e 246 euros.

O proxecto articularase en dúas fases, a primeira delas –que se licitará nos próximos días– centrarase na contratación dos servizos para a creación, organización, xestión e comercialización do programa *Elixé Galicia* por parte de axencias de viaxe. A segunda será a apertura da convocatoria, no primeiro trimestre do ano 2020, para que os usuarios presenten as súas solicitudes e opten a ser beneficiarios do programa. Esta selección realizarase por sorteo con reserva de prazas para colectivos especiais como familias numerosas, persoas con discapacidade ou con baixos ingresos. A saída inaugural está prevista para o mes de marzo, fóra da tempada alta.

No que respecta ao número de prazas, ofertaranse máis de 12.800, distribuídas en 6.100 para o ano 2020 e 6.700 para 2021. No caso do programa de vacacións en zonas costeiras, contará cun total de 3.200 prazas en 2020 e 3.500 no 2021. Pola súa banda, a ruta de patrimonio histórico e cultural disporá de 1.200 prazas no primeiro ano e 1.300 no segundo. No que respecta á ruta de natureza e montaña, contará con 1.200 e 1.300 en 2020 e 2021, respectivamente, mentres que para as estancias en balnearios ofreceranse 500 prazas o primeiro ano e 600 no segundo.

### **Da costa ao interior**

O programa está composto por catro modalidades. Unha delas é vacacións en zonas costeiras e terá una duración de 5 días (4 noites), en réxime de pensión completa. O aloxamento realizarase en hoteis de tres estrelas ou superior situados en localidades costeiras. Inclúe un mínimo de tres visitas ou actividades de medio día adaptadas ao grupo destinatario e o transporte desde as catro capitais das provincias galegas, Santiago de Compostela, Vigo e Ferrol.

Outra modalidade é a de rutas de patrimonio histórico e cultural, que terá unha duración tres días (dúas noites), en réxime de pensión completa –preferiblemente os fins de semana– para os colectivos de mozos e familias. O aloxamento realizarase en hoteis de dúas estrelas ou superior situados en poboacións que permitan a xestión dun programa adecuado para as visitas programadas. Esta modalidade contará con servizos de guía acompañante durante todo o circuío. Inclúe visitas culturais con relevancia histórico-artística e como mínimo unha actividade ou visita diaria sen custo adicional para o usuario e tamén o transporte desde as catro capitais das provincias galegas, Santiago de Compostela, Vigo e Ferrol.

No que respecta á modalidade de rutas de natureza e montaña, terá unha duración de tres días (dúas noites), en réxime de pensión completa, preferiblemente os fins de semana para os colectivos de mozos e familias. Os aloxamentos terán lugar en hoteis de dúas estrelas ou superiores ou aloxamentos rurais de categoría similar. Esta categoría contará con servizos de guía acompañante especializado durante todo o circuío. Ademais, realizaranse dúas excursións ou actividades de sendeirismo e/ou turismo activo na totalidade da estadía. Do

mesmo xeito, inclúe o transporte desde as catro capitais das provincias galegas, Santiago de Compostela, Vigo e Ferrol.

Por último, a modalidade de estadias en balnearios terá unha duración 5 días (4 noites), en réxime de pensión completa. Os aloxamentos realizaranse en hoteis de dúas estrelas ou superior situados na Comunidade Autónoma de Galicia a unha distancia non superior a 20 quilómetros do Balneario, Talaso ou establecemento de saúde e benestar de destino.

Deberá dispoñer dun acceso diario ao balneario de augas minero-medicinais, talaso ou establecemento de saúde e benestar da Comunidade, incluíndo no programa sen custo adicional un tratamento por persoa e estadía, así como prezos especiais reducidos para outros tratamentos.

Tamén contará cun mínimo de dúas excursións ou actividades de medio día a recursos turísticos ou poboacións galegas, con localización próxima ao establecemento hostaleiro de pernoita, así como o transporte desde as catro capitais das provincias galegas, Santiago de Compostela, Vigo e Ferrol.

### **Fomento do turismo interno**

Un dos obxectivos deste programa é fomentar o turismo interno, unha modalidade que experimentou un importante crecemento no último lustro, cun crecemento do 15,4% desde 2013. De feito, no pasado ano o turismo interno supuxo preto de 1,4 millóns de viaxeiros que realizaron preto de 3 millóns de noites.

Os galegos están contribuíndo así ao crecemento turístico de Galicia, que este ano está acadando cifras de récord ao recibir ata setembro máis de 4,1 millóns de viaxeiros que realizaron máis de 9 millóns de pernoitas, o que supón a cifra máis elevada da serie histórica.

Estas cifras enmárcanse nun contexto no cal, mentres a demanda sobe en toda España un 0,9%, en Galicia medra un 6,5%, o que supón unha diferenza de 5,6 puntos.